

Camioneros Gallegos - 27 de Enero

2008-01-27 10:22:21

O transporte esta a o limite e non resiste máis. Catro mil cincocentos transportistas de mercaderías por estrada, nacional e internacional, con trece mil vehiculos articulados de noventa localidades Galegas. Inician PARO INDEFINIDO a partir das cero horas do venres un de febreiro. Galicia vaise a parar e non é unha metáfora. Apóíanlles, Asturianos, Bercianos, Cazorros e Maragatos.

Pode sorprender tanta nomenclatura autoctona. Agrupados nunha Plataforma. Os transportistas galegos, organizáronse por lazos de proximidade, ao modo dos antigos poboadores que habitaron Galicia. Refugan as actuais asociacións, ás que acusan de inoperantes tramoyas, obsoletas, caducas e faltas de representatividade.

Todavía se esta a tempo de “parar o paro”. Isto se lograría cunhas cantas condiciónes que esixen os transportistas. Todas elas dentro da Lei e a Xustiza. Parece oportuna, unha nova chamada á cordura e ao dialogo. Os transportistas fixérona días pasados. As empresas cargadoras todavía non contestaron.

Antonio LLanos

Lugo

[La Voz de Galicia, Cartas Al Director, 25 de Enero de 2008](#)